

PROGRAMACIÓN DOCENTE
Historia de Galicia

curso 2017-18

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Historia de Galicia
Código	IV30***
Curso	1º
Créditos Totais	1,5
Horas totais de traballo da/o estudante	37,5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

I.1. Profesora/Profesor:

Profesor/a	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Eloy Martínez Soto	1,5 A	cita por correo electrónico	eloymarso@gmail.com	galego/castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non son necesarios.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

- Esta materia encádrase no Ciclo Intensivo no Programa Universitario de Maiores no Campus de Vigo e aconséllase que sexa cursado no 1º curso.
- Preténdese achegar ao alumnado os coñecementos básicos da historia de Galicia e os fundamentos do razoamento histórico. A aprendizaxe de conceptos permitirá unha maior comprensión do mundo no que vivimos, dende unha perspectiva de análise crítico.
- Debido a que a historia de Galicia é unha materia que ten pouco máis de 30 anos nos currículos formativos, para a maioría supón un primeiro contacto con esta materia (no eido da educación regrada).

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Explicar, situando axeitadamente no seu tempo e espazo, feitos e acontecementos relevantes da historia de Galicia, valorando a súa significación histórica e as súas repercusións no presente.
- Comprender e coñecer os principais procesos económicos, sociais, políticos, ideolóxicos e culturais que configuran e/ou contextualizan a Historia de Galicia.
- Coñecer e empregar con propiedade a terminoloxía e conceptos acuñados pola historiografía e as ciencias sociais para o análise dos procesos históricos nas súas diferentes vertentes.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos que:

- Coñezan as diferentes etapas históricas e os feitos máis relevantes de cada unha delas no que atinxe á historia de Galicia.
- Comprendan os textos e as fontes históricas coas que traballaremos as diferentes etapas.
- Adquiran o vocabulario preciso para a comprensión de lecturas referentes ao temario.
- Recoñezan as pegadas do noso pasado na actualidade.
- Adquiran capacidade crítica para o análise do noso pasado.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	8	0	1	8	16	0,64
Prácticas	4	0	1	4	8	0,32
Viaxe de estudos	0	2	4	8	10	0,4
Probas de avaliación	1	0	2,5	2,5	3,5	0,14
Total	13	2		22,5	37,5	1,5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución á historia	1h
2	Os nosos devanceiros: unha ollada á prehistoria e á historia antiga de Galicia	1h
3	Cambios sociais, económicos e culturais da idade media en Galicia	2h
4	Da monarquía dos austrias á dos borbóns. Cambios e permanencias na sociedade galega	2h
5	A idade contemporánea en Galicia	2h

Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
------	---------------------------	----------

1	Visionado e comentario de documentais e películas	2 h
2	Comentario de textos	2 h

Viaxes de estudo (se procede)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
2 e 5	Visita ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campolameiro (PAAR)	2 h

Bibliografía básica

- López Carreira, Anselmo, *Historia de Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2013.
- Bermejo Barrera, Xosé Carlos, *¿Para que serve a historia de Galicia?*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 2007
- Villares, Ramón, *Historia de Galicia*, Vigo, Galaxia, 2004.
- Villares, Ramón, *Textos e materiais para a historia de Galicia*, Barcelona, Crítica, 1990
- Fiaño, Pedro, *Documentos para la historia de Galicia*, Noia, Toxosoutos, 2001.

Bibliografía complementaria

- Calo Lourido, F., *A cultura Castrexa*, Vigo, Edicións da Terra, 1993.
- Juana López, Jesús de e Prada Rodríguez, Julio (coords.), *Historia contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 2005.
- Peña Santos, Antonio de la, *Galicia: Prehistoria, Castrexo e primeira romanización*, Vigo, A Nosa Terra, 2003.
- Peña Santos, Antonio de la, *Petróglifos de Galicia*, A Nosa Terra, 2009.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**Clases**

A metodoloxía empregada combinará a explicación do profesor apoiada co traballo do alumnado, a través de diversas fontes escritas que lle serán aportadas. Tamén se fomentará o uso e lectura de obras de historia de Galicia e da aplicación dos coñecementos máis aló do exposto na clase polo profesor. Ademais, invitarase ao alumnado a facer achegas aos temas a través dos seus coñecementos e da súa experiencia persoal.

Prácticas

Cada alumno deberá presentar por escrito dous comentarios de texto e outros dous comentarios sobre documentais e películas que serán vistas na aula.

Viaxes de estudo (se procede)

As saídas de estudos son algo fundamental nesta materia, xa que constitúen un dos camiños para comprobar as pegadas que deixou a nosa historia pasada nos lugares que marcan o noso presente. Por iso, sempre que o presuposto e o horario o posibilite faremos saídas pola cidade e os seus arredores.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A pesar de que o aprobado conseguírase co 80% da asistencia ás clases, o sistema de avaliación tamén terá en conta os seguintes aspectos:

- A participación activa nas clases.
- As destrezas e habilidades amosadas na realización dos traballos prácticos.
- A elaboración dun exame tipo test de contido xeral sobre os temas tratados na aula.

IX.- OBSERVACIÓN

A duración dos temas é orientativa. A realización das actividades dependerá dos recursos económicos dos que dispoñamos ao comezo do curso, así como do calendario de actividades dos diferentes centros culturais que poidamos visitar.